



MEMORIA ANUAL DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (S.A.F.)

O pasado exercicio 2018, un total de 100 familias foron beneficiarias nos seus propios domicilios deste programa, producíndose 30 incorporacións e 25 baixas. As horas que recibiron as persoas usuarias foron 27.000.

A prestación deste servizo está axudicada a unha empresa externa, a cal tivo contratadas a máis de vinte auxiliares, todas elas mulleres. As tarefas que se desenvolven van desde atención persoal (apoio no aseo e baño, mobilización, vestirse) ata a doméstica (limpeza de vivenda, elaboración de comidas, lavado de roupa, etc.)

Na modalidade Dependencia, foron 82 os beneficiarios, persoas que foron recoñecidas co seu grao e o conseguinte dereito a beneficiarse deste servizo municipal.

O resto, 18 persoas, atendidas na modalidade Libre Concorrenca.

Os cen beneficiarios totais pertencían a 25 das 32 parroquias coas que conta o termo municipal, destacando a de Xiá, con 14, Condes e Carballo, con 9 cada unha, Trasmonte e Silvela, con 8 cada unha e a propia capital municipal, neste caso con 10 usuarios.

En canto ó grupo de idades, reflíctese na seguinte táboa

	Dependencia	Libre Concorrenca	Total
Menores de 65 anos	5	2	7
De 65 a 79 anos	8	4	12
De 80 a 89 anos	40	9	49
Máis de 90 anos	29	3	32
Totais	82	18	100

Por sexos, en 69 situacións, unha muller foi a destinataria principal, e en 31 un home.

En 24 casos, tratouse de persoas que vivían soas no seu domicilio.

PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO

De luns a venres, un Traballador Social atende o público na Casa Consistorial.

Das máis de 200 tramitacións realizadas ó longo do ano, destacan 74 solicitudes de valoración da dependencia, 21 solicitudes para distintos programas destinados ás persoas maiores, 15 solicitudes de valoración de discapacidade, ademais de 25 solicitudes do Bono Social Eléctrico e 11 solicitudes da Tarxeta Benvida para familias con nenos recién nados.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.)

Este servizo, atendido por dúas profesionais, onde as familias do municipio poden deixar os seus nenos de ata tres anos en horario de 8:00 a 15:30, ofrece un total de 20 prazas, estando cubertas todas elas o pasado ano 2018 (12 nenas e 8 nenos).